

# A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 59

A CRUÑA 30 DE XUNIO DE 1918

O GALEGUISMO XURDE

## OS AUTOS GRANDIOSOS DE VILAGARCIA

### XUVENTUDE EXEMPRAR

**P**RA adicar unha lembranza á fundazón da «Xuventude de Defensa» vilagarciana, no primeiro aniversario, logo d'un ano de vida, os directores d'aquela organizaron un mitin e un xantar que foron dous actos inesquecentes.

Pra tomar parte nos mesmos invitóuse ós principais elementos galeguistas. Por decontado á «Irmandade da Fala» da Cruña e á de Compostela. Tamén ós xenios da nosa raza Cabanillas e Castelaio.

Por razóns de doenza pasaxeira uns, e por cousas d'outro xeito outros, samente acudiron ó chamamento da «Xuventude», de Vilagarcía, repersentantes de sociedades agrarias da provincia de Pontevedra, o culto abogado cambadés Sr. Salgado e os señores Pena Novo e Vilar Ponte, da Cruña. Estes foron ouxeto d'un querendoso recibimento, e de fidalgos agasallos.

O mitin no teatro «Salón Villagarcía» foi grandioso. Os palcos estaban cheios de señoras. Tod'o pobo vilagarcían, moitas representaciós obreiras y agrarias enchían as demáis localidáes. Na táboa presidencial puñérase a bandeira galega.

Houbo adhesiós de Cabanillas, Castelaio, Vázquez Enríquez, Culebras, Pardo Círraga, Campos, Porteiro, e das «Irmandades» da Estrada, Monforte, Ourense, Ferrol, Cruña e outras.

### CADRO BRANCO

*O alcalde de Betanzos mandoulle unha comunicaciós ó da Cruña na que di que aquel Concello non está de conformidade co'a prohibición d'esportare gando a outras rexóns, por sere esto perxudicial pr'os intreses dos gandeirós galegos.*

*O alcalde de Betanzos pidéu ó Goberno que autorice a esportación do gando, agás a das vacas de dous a cinco anos e as que s'atopen preñadas.*

Falóu primeiramente o abogado D. Vicente G. Paratcha, con xeito valente, galano e entusiasta. Falóu logo, D. Antonio Vilar Ponte, fixando n'unhas cuartillas o alto idearium do galeguismo. Demostrando como non eisiste unha cultura galega. Como s'impón o chegarmos á integrazón da nosa raza. Fixóu craramente a necesidade do eisalta mento pangaleguista, creando n'un desexo de vountade patriótica a redentora vountade de dominio.

O discurso que Pena Novo pronuncióu siguidamente, foi unha d'as oraciós máis notabres d'este elocuentísimo galeguista. Nela abordóu os principais problemas da nosa terra con cristañía e formosa craridade.

Derradeiramente D. Laureano G. Paratcha, médico cultísimo que é tamén un grande orador, espricóu o por qué do nacemento da «Xuventude», amostrando cales son os enemigos e cales tamén teñen de sere as novas orientaciós d'aquela admirabile xuntanza.

A impresión que o acto produxo no público foi fondonísima.

Ó seguinte día houbo un xantar esprendido no «Hotel Arxentina».

Á hora dos brindis D. Laureano Paratcha ofercéu o agasallo ós forasteiros con moita elocuencia.

Logo o Sr. Pena Novo, fixo unha glosa maxistral do novo e lumioso regramento das «Irmandades da Fala», c'o ouxeto de que en Vilagarcía se constituya unha. Así s'acordóu. Tamén o Sr. Salgado prometéu creare outra en Cambados.

A natureza galega tan esprendida na comarca vilagarciana, parez refrexarse na y-alma dos homes da «Xuventude de Defensa» d'aquel pobo.

Poucos vimos tan cheios de valor cívico; tan animados pr'ás loitas pol-o ideal. Son xente leda que sabe pensare e sintire seriamente cando é perciso. Son xente que non repara no sacrificio pra cumprire outos deberes de cidadanía e de patriotismo.

Son exempro pr'a mocidade de sapos tan abundosa en Galicia: porque a «Xuventú» vilagarciana é unha xuventú d'estrelas. Ó berro de ¡Terra a nosa! foron despedidos na estación de Carril os galeguistas que tomaron parte nas solenes festas de lembranza da fundazón da «Xuventude de Defensa» vilagarciana.

¡Si a Cruña, Santiago e Villagarcía estivesen unidas por ferrocarril, serían com'unha grande urbe que, inda con notabres soluciós de continuidade, impoñería a Galicia enteira a cultura enxebre que é percisa pr'ó conqwerimento da liberdade rexonal!

D'esto falóuse moito e por esto prometéuse traballare. A transcendente arela d'unha unidade galeguista vai camiño de xermolar.

### A bandeira galega.

O redautor do valente *Heraldo de Arosa*, notabre poeta galego, Porto Rey, home cheio d'enxebreza, leu no xantar c'o que se relembrou o aniversario da fundazón da «Xuventude de Defensa» vilagarciana istas verbas:

«Tea branca y-azul. Tea bendita, feita de anacos de ceo d'a nosa terra querida, por quen loitaron nosos abós.

Bandeira que levache antre os teus pregues meigos, o conxuro d'as variles proezas, e fixeche o milagre de erguer d'as súas

### CADRO MOURO

*O alcalde da Cruña accidentalmente—e presidente da Cámara de Comercio, traballóu pol-a negativa pr'a esportación do gando.*

*E inda dixo n'unha sesión do concello cruñés que os labregos non sabían o que lles conviña.*

*Sábennos abondo. Maís e millor que aquel bô señore. Pro inda que o non souperan ¿quén das vilas tratóu d'insinarllo?*

*¡Ben pol-o alcalde de Betanzos! ¡Malía o da Cruña!*

*Aquí de D. Quixote:*

*Non che falaron en balde o un e o outro alcalde.*

cobas hastra os mortos cando a pranta d'o estranxeiro se pousou n'os seus eidos.

Os fillos de Galicia camiñaron á túa sombra y'a túa sombra morreron por verte sempre ergueita.

Muslimes y-Almanzores, homes de ferro que pasmaron o mundo c'os seus feitos, crebáronse pra sempre diante de tí que és embrema groreoso d'a nosa honra e d'a nosa nobreza.

Mais onte, tan limpa e pendurante, tan bendecida y'agarimada, oxe ch'arrastran pol-a lama sin door e sin concencea os ventos caciquiles y'as maus innobres d'os que feirean c'a escravitú d'o noso pobo.

As «Irmandades», todol-os homes dista nobre terra que aínda non s'avergonzan de chamarse teus fillos, érguense como un soyo home y'aprestanse a poñerte n'o cume en que sempre estiveche.

Volveremos a loitar ás sombras d'os teus pregues, e volverás a ser o que onte fuche.

A «Xuventú de Defensa» vilagarciana, n'o seu aniversario, recolléuche d'o camiño en que che triparon os desleigados, y'en xuntanza c'os bos galegos amantes d'o seu solar, non acougará hastra que che vexa ergueita.

Con nosco virán todol-os que non queiran vivir escravos.

Muslimes y-Almanzores hay de abondo

pol-as nosas campías e nosos prayales, que tomando a nosa indiferenza por cobardía acó fixeron seus tobos. Amostráremoslles que somos d'a mesma raza c'os de onte. Amostráremoslle que as cadeas conque nos atouzan, por fortes que lles parezan, abonda nosa vuntade pra crebalas.

Poñevos en pe galegos. Saudemos a tea branca y'azul embrema groreoso d'a nosa honra e d'a nosa nobreza.»

~~~~~

O GRAN ARTISTA É DOS NOSOS

## MANOLO QUIROGA

**E** unha realidade forte e definitiva n-o arte da música, mais aínda é unha esperanza pra nós os gallegos. O seu arte máxico é unha esperanza pra o despestare artístico d'a Galicia.

Cando n-o concerto d'Ourense os corazóns d'a xente repetoutaban c'o son d'as cordas d'aquel violín baixado d'o ceo, en todol-os beizos coma en total-as almas zoaba a Terra nosa e pedíase música d'a terra, *airiños d'a terra*, e n-a yalma de Quiroga, espírito gallego enxebre, pousábase a door. ¡Quén tivera agora, dicía, música gallega esquirta pra que non desmerecese á veira d'os maestros clásicos! ¡Música gallega, esquirta pr'o violín! Eu non quero facer d'a nosa música,

cantares de cego. Teñen as nosas melodías feitizo infnido, feitizo d'abondo pra facer d'os nosos cantares música eterna!—¡Pois a escribirla, díxolle alguén.—¡A escribirla! Así dixo Manolo Quiroga, e por iso dígovos eu que pra nós, os gallegos, é o seu arte unha esperanza.

O grande artista gallego é un d'os nosos. Sinte y-ama a terra gallega con todo o fogo con que se lle debe amare á pátre. Y-o lume que s'alcende n-a súa y-alma cando c'o seu violín espalla a armonía pol-os corazóns, avívase sempre c'o forte vento d'as lembranzas de Galicia, co'a divina ispirazón d'o amor d'a terra nai, c'os agarimos qu'ela lle dera.

ENVIO

A Galicia lle debes Quiroga, todo o teu temperamento cheo de sentimentalidá y-as millores cualidás d'o teu arte, y-a Galicia tes unha amorosa conta que lle pagare.—Eisí como fas revivire o sutil espírito d'os clásicos co'a súa xeitosa melodía, y-abalabas as cordas d'o teu violín desfollando as cadencias n-a armonía d'as notas, y-en escadas qu'ascenden e que baixan limpas e brilantes coma n-as gorxas d'os paxaros ou n-as brincadeiras augas d'un río, n-os *stacatos*, *armónecos é saltillos*, e daslle a leutura d'o teu corazón ós romántecos aires rusos, y-ós cantares bohemios, eisí a Nosa Terra pideche que os airiños e cántegas qu'aloumñaron de neno os teus ensonos, e de home fan latexar o teu peito, resonen c'o teu aro al-cendidos en lume gallego con toda a arte que tí sabes encher de feitizo pra desbotar en emozón de saudades e de bágoas. Galicia quer que sexas o meigo músico d'a súa morriña e d'o renacemento.

ANTONIO LOSADA DIÉGUEZ.

Ourense, Xunio de 1918.

~~~~~

NA TERRA DE MACÍAS

## Anuncio d'un gran mitin

Por Padrón e Santiago, espallóuse unha folia imprentada na que se dí o seguinte:

GRANDE MITIN N'O QUE SE TRATARÁ D'A PROTESTA POL-A ACTUACIÓN CACIQUIL NO ASUNTO D'AS SUBSISTENCIAS. TERÁ LUGARE N'A VILA DE PADRÓN O DOMINGO 30 DE SAN XUAN AS CATRO E MEDIA D'A TARDE.

Veciños e habitantes d'a antiga Iria-Flavia (Padrón)

A sacudida que destedes camiño d'a dignidade ten chea de gozo a Galicia enteira. E depende todo de que a vosa terra é un país ditoso por haber visto nascere n'ela o gran Macías, a Xan Rodríguez, e onte conta quen dice viviu entre vos a cantora d'a nosa redensón, a santa Rosalía Castro.

## NO ESCURO

¡Noite diante dos ollos!  
¡Noite no pensamento!  
¡As brétemas da Dúbida!  
¡Os fantasmas do Medo!  
¡Costa arriba caíndo  
sin ver onde tropezo!...

Soyo unha esperanza:  
¡o rayo doce  
d'unha estreliña  
que brila ó lonxel

¡Esquencido dos fillos!  
¡Bulrado dos alleos!  
¡Afundido na sombra!  
¡Magoado pol-o peso  
d'unha Xusticia en feira  
escrava do diñeiro!

¡Soyo un consolo  
vive en min oxe:  
a lus da estrela  
que brila ó lonxel

Nas máns as feridoras  
cadeas do foreiro!  
Ispido, arrodado  
de roxos cáns famentos

que con dentes e uñas  
governan os meus eidos!

Soyo antr-a sombra  
manténme forte  
a lus da estrela  
que brila ó lonxel

¡Abafado, sentindo  
como funga no vento  
o rachador estalo  
da trallo do negreiro  
que o maldito cacique  
mercóu, co-a y-alma ó Demol!...

¡Soyo me alenta  
n'esta doóre  
a lus da estrela  
que brila ó lonxel

—Rube, rube ó Calvario  
¡ou Cristo d'estos tempos!  
Un derradeiro esforzo;  
un paso máis, labrego!  
¡A estrela é unha fogueira  
que xa está preto!

RAMÓN CABANILLAS.

Mais tampouco se ignoraba que en ningures o caciquismo había chegado á vileza tanto como n'a vosa terra.

Todo Galicia sabía que a disgracia maior que a un padronés lle podía ocorrer era o ser fillo de Padrón pra vivir n'a súa terra.

Alí era escarnecido c'o esgarro si o iriense se resignaba, e, perseguido, si quería ser home.

E a cuadrilla de famentos desfarrapados e inorantes que non sabían esquirbir unha carta, mandaba en vos e practicaba o saqueo e afrentaba ó voso pobo c'o apagón n'o sector onde un miserable iba practicar o adulterio.

Vosoutros que pasástedes todo eso, sodes libres xa; e pra consagrar a vosa liberdade vinde eir o día 30 ós apóstoles d'a liberación como Xan Pombo, de Cuntis; Gómez Paratcha, Salgado, Culebras, Castelao e Cabanillas, dous xenios d'a raza, Villar Ponte, Pena Novo, Vázquez Enríquez e Porteiro.

¡Padroneses! ¡Padrón pra vos! ¡Viva a terra pra vos!

Padrón, 20 de Junio de 1918.

A COMISIÓN.

## COMO SE PODE REDIMIR GALICIA

EMBORA que dirixanse verbes de redención e d' alento ós nosos labregos, pra que sacudan o xugo da escravitude en que xemen traballando sen folgos e sen proveito pr'os donos da terra. Mais háse de tere en conta qu'os probes labregos xa teñen traballo abondo xurgando na terra que regan con suores e sangue.

De quen todo s'ha de esperar, a quen se deben pedir esforzos e trunfos, é as nosas xuventudes; si chamamos rexo ós seus sentimentos, a resposta ha de sere viril, i'antusiasta. Si ben aconselladas lógrase apartalas dos fatos políticos, axuntándoas n'hun fervoroso amore á nosa terra; si se chega a conseguire que pensen en galego todolos rapaces novos d'algunha cultura, o trunfo dos ideaes c'as Irmandades desexan será compreto.

D'algunhos anos á data, asisto aínda sen querer, ás loitas d'unha rexión que quere a toda costa recobrar as libertades perdidas; non sei de certo, nin é cousa que me importe moito sabere, si buscan unha independencia qu'a moitos parece renegabre. O que si sei e ollo, é qu'abranguen trunfos nos que non se atrevían a soñar en tempos non lonxanos. Pois ben, toda a gloria dos trunfos abranguidos corresponde de dereito ás xuventudes d'iste país, qu'eiqui loitan con tan ardoroso antusiasmo. Envexa terían os nosos rapaces s'ollaran de preto os antusiasmos dos rapaces vascos, que sen medo ás persecucións sufridas, perdendo ás veces na loita liberdade e ben estare, puñeron ó

servicio da causa que teñen por santa e xusta, todos os seus alentos e xuvenís forzas. Ben logo apañaron istes rapaces o doce froito da loita. Ollemos si non o admirable remate d'ela: maorías ausolutas en cuasi todos los Auntamentos da provincia, e na Diputación provincial; dentro d'ista nomearon as comisións como lles véu en gana; e nas derradeiras eleucións de diputados a Cortes e senadores elixiron cinco diputados e todos os senadores que corresponden á provincia. Iste e o resultado de tan espréndida campaña rexionalista ou nazionalista. Eisí serán axiña os vascos donos dos seus destinos, aspiración suprema d'unha raza que resurxe, e sacude o yugo do centralismo madrileño, carroña e podre que mata toda iniciativa i'arela de engrandecemento das rexións, que poden, saben e queren reirse por sí mesmas.

Todo o segredo está en que souberon facérense donos do Censo electoral e impoñere nas eleucións a vountade dos fillos do país, arrincando de máns alleas os cárgos populares, que hastra fai pouco estaban nas de xentes advenedizas e logreiras, que fixeron sempre da política escada pra rubir ós postos que oxe con pena deixan os lexítimos representantes do pobo, que quere sere dono de sí mesmo.

UN DESTERRADO.

Bilbao-Xunio.

## ¡Adiante, irmáns!

A «Irmandade da Fala» da Cruña ven recibindo moitos libros pr'á súa Biblioteca, que axiña s'inaugurará.

A «Irmandade da Fala» da Cruña ven traballando pra que a súa bandeira poida sere rematada axiña.

A «Irmandade da Fala» da Cruña ven fomentando súas relacións c'os galegos d'América e c'os inteleutuás portugueses. Pensa tamén na organización das mulleres.

A «Irmandade da Fala» da Cruña recomenda presa na aprobación do Regramento común pol-as mais «Irmandades» pra que poida nomearse axiña o Directorio de tod'a rexión e poidan facerse os traballos pr'á primeira gran Asamblea anual que terá unha forza enorme e fará pensar ás xentes cando vexan pol-as rúas da cidade na que se celebre, portadas pol-a mocidade rexa, as bandeiras de total-as egrupaciós galeguistas.

Galicia, a y-alma e o pensamento de Galicia, impoñeranse d'aquela como non poderían impoñerse dous ou tres diputados—se os houbera—chamados rexionalistas.

A «Irmandade da Fala» de Compostela, pol-a súa parte, pensa organizar o Tesouro do Galeguismo.

¡Sempr'adiante!

## Cantares galegos

Non quero moza que teña  
Quen a tropece na vila,  
Anque lle conten fanegas,  
Y-ande ben fresca e ben limpa.

Non quero moza que teña  
Quen a tropece na vila;  
Pro non-a quero tampouco  
D'isas que hai miñaxoñías.

Non quero moza xarela,  
Nin come-santos, nin xota;  
Quero mocíña que seipa  
Termar en total-as cousas.

Nunca paxaro fuxido  
Tornóu de seu pra a gayola;  
Nin a unha nena qu'eu quixen  
L'hei roldar eu mail-a porta.

¡Dis que non poido co-as bragas!...  
Non che son o que parezo;  
Qu'inda che teño a dentamía  
Pra me poñer a un enceto.

Ontes, cantando no prado,  
Moito, moito te queixachel  
¡Qué che pasóu, meu consolo,  
Pra que así, triste, cantases!

Non volve o rego pra a fonte,  
Nin pra a man a pedra solta;  
Nin a ser como Dios manda  
Volve a que perda a vergonza.

¡Pra onde qués ir, miña almiñal  
¡Qué te chama de tan lonxe!  
¡Non che doi o qu'eu me apeno!  
¡Estóxasme, ora, por probe!

¡Chamóume desamorado  
Unha nena que eu cortexo;  
¡Ben se ve que ela non sabe  
Como o corazón eu teño!

Non veñas con que me queres,  
Andando tanto en parolas;  
Que auga que moito se parte  
Non mata sede nin molla.

M. LEIRAS PULPEIRO.

## APUNTES HUMORÍSTICOS

**Os homes prestixiosos e o prestixio dos homes**

FAI días en que sin que seipamos por qué, éntranos unhas enormes ganas de desabrocharnos e d'escomezare a decir verdades de a puño, que nos proen dentro e loitan por saíre. É estonces cando se collen unhas cuartillas i-escomenza un a ceibar n-elas toda a bilis que tén acumulada. E ó rematar, inda qu'as cuartillas vaian ó paxe, fícase un tranquilo, acougado e invadido da grata sensazón de quen remata de tomare un baño fresco en prena canícula.

Por exemplo, oxe sentimos unhas enormes desexos d'acometer contra dos homes de prestixio, no senso qu'a sociedade dona a ista verba.

O sere home de prestixio non consiste pr'as xentes en ter talento, cultura, gallardía pra combatire o mal, probidade, reutitude de carácter, austeridade e afoutamento pra defendel-as boas causas e asinalare impracablemente o vicio e ruindade alí onde s'atopen. Todo isto non é nada, todo isto non significa nada.

O que poseia isas cualidades será un vibrante esquirtor, un loitador formidable, un santo, un rebelde, un mártir, un héroe, un místico, o que queirades; máis non é socialmente un home de prestixio.

Será difizle determiñar cal é a característica inconfundible do home de prestixio n-iste vulgar i-estúpido senso social.

Eu coído que se é home prestixioso n-iste cativoiro conceuto: cando s'abranguéu a categoría necesaria pra levar sombreiro de copa nos enterros.

Cando un home abranguéu ista categoría, cando anque non leve chisteira nos dños poida levala sin desdecire ou mereza levala, háchase perdido xa pra todo canto significa ideal, loita, quixotismo, nobres impulsos e belos xestos. Poderá sere un inmelorable direutore d'un choio mercantil ou económico, xerente d'unha ampla empresa onde sexan outros quenes traballen i-él dónalle soamente o lustre o prestixio e a austeridade das súas ben cortadas levitas e fraques e das súas impecabres chisteiras d'oito refrexos. Mais é un morto, un morto.

Pasa como cando as rapazas dñ referíndose a un:—Ise siñore...

Istas verbes n-unhos labres fēmeninos son o mais definitivo desengano ceibado á faciana de D. Xoán.

Antramentras dñ de vosoutros: «Ise rapaz, ise polo, ise xoven, ise home» todo vai ben.

Cando vos digan: «Ise siñore», xa pode des envainárvola. Ide á vosa casa, pechádevos no voso fogar, adicarvos á vosa fami-

lia, lēde *A Correspondenza* pol-as noites e coleucionade o folletín. Deixarvos d'andanzas.

O «Ise siñore» dito por unha muller é o decreto de xubilazón do amigo Tenorio.

Pois do mesmo xeito, estades perdidos cando cometades a claudicazón de metelavosa testa n-un tubo negro e coruscante.

Cando escomezou o puxante movemento de rexenerazón galega nas «Irmandades da Fala», moitas xentes acolleron ise rexurdir brioso con un xesto de desdén.

É lamentable —decían— que non conte ise movemento con unhas cantas persoas prestixiosas ó frente.

—¡Non! ¡Endexamáis! ¡Mellor que non-as teña! Non sirven pra nada. Son lastre, peso morto, rémora pra todo o nobre e grande.

Hai o prestixio, o outro prestixio, o prestixio verdadeiro. O prestixio do talento, da audacia xuvenil, da elocuencia ardorosa, do espírito degoirado por unha febre de loita e d'entusiasmo.

Antramentras se é eisi, sirve un pra faguere política. Cando se é prestixioso, cando se leva ou se merece levar o sombreiro de copa, é qu'a política o fixo xa a un. Xa «non facemo»s. Xa «somos feitos». A misión creadora rematou. Estamos mortos como Rodolfo, o Rodolfo de Murger, cando xa se pervertira e lle non gustaba mais qu'o bon.

Si eu ollara a Porteiro con un sombreiro de copa un día d'apertura de curso en Santiago, non se me ocurriría máis que ir pase-

niñamente por detrás e donarlle unha calada monumental.

O día que Pena Novo sexa un home de prestixio, e pague pra o seu acretado bufete un piso de cincuenta pesos, hai que dalo de baixa na «Irmandade», porque non servirá xa pra nada.

Eu negaríalle o saúdo ó meu cordial, ó meu fraternal amigo Quintanilla, o día que chegase a merecere o sombreiro de copa.

E os tres teñen o prestixio verdadeiro, o outro prestixio do talento, ise prestixio que non ten valor nas cotizacións sociaes.

Y-é qu'o prestixio dos homes non debe consistire en sere homes prestixiosos.

Si un d'istos rapaces s'afiliase a unha sociedade «bien» pra tomalo té pol-as seráns con catro cretinos e usase unha levita irreprochable e cultivase as relacións con xentes d'outa prosapia e se acretase de serio e prestixioso, saliría ganando máis, pro estaría morto.

Y é mellor vivir, vivir; sere algo latexante, acorado e inquieto, febril e acometivo. Val máis vivire, vivire anque sexa en mangas de camisa.

—Deus me día unhas tercianas—dí o bravo D. Miguel d'Unamuno.—Sí; unhas tercianas do espírito que nos duren toda a vida.

E ós outros qu'os mate d'un empacho de prestixio, e qu'os enterren cō prestixio e coa chisteira postos.

Antramentras, vosoutros, nosoutros, rexos, rexos, valerosos amigos. Librenos Deus do mortal prestixio.

Non se fixeron as nosas cabezas rebeldes e pensadoras pra metel-as n-un tubo.

CÉSAR ALVAXAR.

**Efemérides galegas****JUNIO**

Día 21

1755. Nace en Corme o grande marino D. Antonio Mourelle da Rúa.

Día 22

1808. Encomenza a publicarse o *Diario de la Coruña*.

Día 23

1909. Morre na Cruña o distinguido escritor e delicado poeta, D. Salvador Golpe.

Día 24

1818. O general ferrolán D. Juan Sotelo Machín, bate, sobre do cabo de Santa María, unha escuadrilla insurgente de Bós Aires, que pretendía apoderarse de un convoy.

Día 25

1780. Encomeza a súa carreira, entran-

do a servir de garda marina, o general da Armada, D. Ramón Romay.

Día 26

1912. Promúlgase e jura, na Cruña, con grande solemnidade, a Constitución.

Día 27

1248. Inocencio IV concede que non sean sujetos a eisame, para ordenarse, os monxes do Moiteiro de Monfero.

Día 28

1808. Largan para a guerra as brigadas de zapadores minadores de voluntarios da Mestranza do Ferrol.

Día 29

1876. Morre en Vigo o poeta D. Juan Manuel Pintos.

Día 30

1642. O Almirante Feijóo bota a fondo, sobre Dunquerque, unha escuadra francesa.

## PORTUGAL E GALICIA

## Prendendo lume

ANTRE a moita labore qu'as «Irmandades da Fala» teñen que desenvolver figura, en primeiro termo, o estreitamento de relacións cō país irmán, coa nazonalidade portuguesa. E perciso que nós desfaigamos o erro secular en que, por culpa eiscrusiva das xenreiras e das comenanzas centralistas, vimos vivindo. Pra elo, craro é, non abonda con lirismos cursis e con arrotadas patrioteiras. A labore práctica é soamente o que se percisa. E ista labore práctica tan soio as Irmandades, unicamente as Irmandades, son as chamadas e as capacitadas pra faguela. Ninguén como elas pode dirixirse a Portugal falando o linguaxe agarimoso dos irmáns. Ninguén como elas ollóu endexamáis pra Portugal con oliadas cheas d'agarimo, ateigadas d'amore, esentas, pol o mesmo, de cobizas innobres, d'arelas cativexas. Os irmáns da fala ó pensar en Portugal nō fan con pensamento españolista, nōn. O seu pensamento é moi outro. O seu pensamento ven informado pol-o imperativo categórico d'unha mesma raza i-unha mesma espiritualidade, imperativo qu'agora escomenza a xurdir como anunzo de magnas e moi groriosas empresas...

O estreitamento de relazóns, que cada vez teran d'irensse faguendo mais fortes, será obra eiscrusiva das Irmandades. N-elas pode decírese que se comulga a cotío no santo ideial d'unha rexa xuntanza cō pobo que, máis alá do Miño, fita pra nós en aitude espeutante. E as «Irmandades» son como o crisol onde se funden as novas concenzas galegas, reparando erros multiseculares e desbotando os inicuos prexuízos con que, a allea imposición, aproveitándose da inconscenza, soupo engaiolare as multitudes parvas da Galicia cega e xorda.

Obra de reparazón de xustiza é a nosa obra. Mais, sin deixare de sere tal, non por iso perde o seu carácter de *mea culpa*, de contrición fervente con que o pobo galego ten de faguere eispiazón pública do seu pecado. E o noso pecado, —vergoña é confesal-o— é o pecado do cretino e do imbécil. E o pecado imperdoable da ignoranza posta ó servizo das artimañas innobres da cobardía. Nós, máis que pecadores por imposición da nosa libre vountade, fomos pecadores por compareiría, por rebaixamento da nosa propia dignidade, por servilismo e humillazón rastreira e baixa á Meseta irta onde aniña o bufonesco imperialismo dos impotentes.

E pecamos moito, moito... Día trais día fúmolo Caín funesto que realiza a súa obra, non de súpeto, sinon mainiñamente, con toda a premiditazón dos criminaes. I-eisí o noso

rebaixamento foi mais grande e a nosa aitude mais noxenta. Pro chegou a hora en qu'o pano que cubría os nosos ollos cafu por terra. O cultivo do propio esprito e a introspeuzón do propio *eu* fixeron o milagre. As sagras inquietudes qu'abalan ás espiritualidades cultivadas —joh Unamuno!—

## Os creadores d'o valor galeguista

*Lois Porteiro* —sementador d'inquietudes— di que as «Irmandades da Fala» teñen de sere a *Enciclopedia da revolución galega*.

¿Pacífica ou violenta? O distintivo das «Irmandades» ideiado pol-o aceso *Xaime Quintanilla*, unha fouce d'un punto qu'as fai interrogantes, deixa aínda en pe a contestación.

*Banet Fontenla* fomentou a santa intransixencia pr'ós que renegan do noso idioma.

*Cabanillas*, cristalizou a ideia nazonalista na poesía moderna. O mesmo fixo *Rodríguez González*.

*Culebras*, ven venerando o orgulo da raza galega, pol-os estudos antropolóxicos.

*Viqueira*, dou a pauta d'un insino e d'unha pedagogía galegos, o mesmo que *Lousada Diéguez*.

*Risco*, fixo cristiños o pensamento e a vountade nazonalistas.

*Peña Novo*, fixo ver como Galicia non existe oficialmente, namentras oficialmente teñen reconocida certa persoalidade, *Cataluña, Navarra, Aragón, as Vascongadas e Valencia*.

*Vilar Ponte (Ramón)*, fixo parar mentes no estudo das nazonalidades naturaes que na Europa viven escravas.

*Vilar Ponte (Antonio)* creou as «Irmandades». Dou xeito pr'a estreitare lazos con *Cataluña, Vasconia e Portugal*. Alumeou as arelas do galeguismo novecentista.

*Castelao*, creou a caricatura e o arte da pintura orientados no senso nazonalista.

*Vaamonde (F.)*, fixo o primeiro resume da nosa *Historia en galego*. Cantou os «Galaicos».

*Tettamancy*, honróu os héroes das nosas libertades.

*Bidegain*, trouxo un entusiasmo, fillo da práctica ó idearium galeguista.

*Ribalta* ven esculcando os nosos valores históricos.

Os cimentos da nova Galicia libre, foron postos por estes homes.

Cantan esta Galicia *López Abente e Taibo*.

foron a causa principal de qu'a ficción rematase. E velaí porqu'oxe a actual xuventude do galeguismo, traballada, cultivada, con concenza de sí mesma, volta os seus ollos á patria irmán, pondo na ollada o fogo agarimoso qu'orixina as fortes sensazóns familiares.

Moito foi o tempo perdido, mais axiña terá de sere recobrado. Unha labore serea, fonda, feita con toda a yalma posta n-ela, será a labor emprendida pol-as Irmandades. E ista labore non se suspenderá endexamáis. Pol-o contrario, a súa intensificazón gradual é algo inminente, algo que s'olla e que se palpa. Nada hai que xunte tanto como a forza d'o sangue común, i é por isto pol-o que a campaña d'aproisimazón e de mesturanza ten que galare de cote en intensidade. Ó mesmo tempo que s'alumean concenzas espértanse os sentimentos fraternaes. E estes sentimentos alimentando nas almas o fogo do patriotismo son os que teñen de faguer qu'os d'acó e d'aló do Miño latexen ó compás d'unhas mesmas arelas e d'unhos idénticos d-sexos.

H.

## IMPRESIÓNS

## A MUIÑEIRA

O día que rodou o primeiro organillo pol-as estradas de Galicia, o tipismo n-ista rexión sufréu unha grave merma nas súas interesantes características. Abrirse ó piano de ves, tivo en Galicia a mesma importancia qu'abrirse ós suevos e moita máis que soportare nas lonxanas edades as invasións periódicas dos normandos qu'amarraban as súas embarcazóns no fondo apacibre das rías e espallabanse carraxudos e arelantes de botín pol-os verdes vales e as montanas de terciopelo do fermoso país.

O avante do organillo foi o avante d'unha civilización difrente, antagónica. Diante d'ela repregóuse un pouco o gaitero hacia o corazón de Galicia. O gaitero era unha das mais outas instituzóns dos lugares; tiña e ten isa fonda poesía do arte instintivamente exercido. ¿Cómo xermolaba na alma do toco labrego o divino amore á armonía dos soídos? Alguns d'eles eran compositores tamén. Moitas veces, durante a leutura de *La dama gris*, de Sudermann, creímos atopar no seu protagonista rasgos que poderían sere comúns a istes músicos populares da vella Suevia.

O organillo é a chulapeiría, a dexenerazón, a probeza espiritual. A gaita é a montana brava e o val sinxelo. O piano de veo e o peinado de tufos e o tango d'os luars. A gaita e a pucha de candil e o mantelo pudoroso, e o *alalá* ateigado de melanconía e de sentimento. Un é a navalla; o outro a moca; un é o viño agre e malo de Valdepeñas; o outro, o viño do Riveiro d'Avia, que deixa nañ brancas cuncas unha mancha onde hai un macio matiz dourado.

Cō gaitero foi retirándose a muiñeira, e a ribeirana, e outros bailes de gran intrés

típico. A muiñeira é unha das danzas máis antigas da rexión, nada en tempos remotísimos, na que semella hacharse certa imitación ó cortexo do galo entre as súas femias. A muiñeira é un baile espectral, diante do cal non pode sentírese endexamais isa impresión de ridículo que pode producir un chulo dando voltas a esquerdas sobor dos tacóns. Si cesase a música, si persenciásemos uns bailes n-unha película, ista parexa xirando gravemente durante un carto d'hora, ríxida e solemne, remataría por faguernos ceibar unha risada; os mesmos bailaríns das danzas modernas causaríanos unha impresión análoga: os pasos do vals moderno, os polifóns cómicos do fox-trot... Na muiñeira, como n-ises bailes antigos que tiveron un «asunto», unha idea xeneratriz representativa, fica un gran prestixio, unha gran nobreza, unha sinceridade que nos fai consideralos con respecto.

Van desaparecendo eisimesmo algúns dos elementos que denantes subraían o carácter da festa. Os traxes dos labregos perderon tamén o seu tipismo. As fábricas catalás trunfaron dos humildes teares aldeáns; cos traxes feitos, vendidos nas feiras a ínfimos prezos, van uniformando a todos os campesinos. Os brancos calzóns curtos; as cirolas; as polainas arrematadas sóbor dos zocos n-un borbón; os chaleques roxos, ou amarelos, ou azúes; a breve chaqueta de remontas levada sobor do hombro..., todo desapareceu. No íntimo de Galicia vive, en por iso, todo isto. Pol-os vrans, nas festas

dos pobos, baixan as cibdades fatos de bailaríns que danzan as danzas crásicas do país. E estonces, cando os aturuxos furan, ó derradeiro, os aires, toda a cibdade, qu'está envenenando á campía, érguese conmovida n-un soio aprauso e n-un soio berro, con un súpeto amor ós seus orixenes.

W. FERNÁNDEZ FLÓREZ.

## SANTA PREGUIZA

Había en certa vila un artesano, d'ises tipos que o pobo soberano tén por us probes homes, us coitados, e que ás veces son cucos redomados con mais miolos báixo d'a súa testa que tragos de borracho en día de festa.

Ist'home tiña un fraco moi corrente, y-éra que, fos'o tempo frío ou quente, pegábaselle ó corpo tanto á cama, que sempre a súa muller chama que chama pol-a mañán dúas horas se pasaba hastra qu'il d'ela xá por fin botaba.

Pra convencel-o, a boa muller, un día, de qu'erguérse mais cedo conveña, díxolle: O Roxo erguéuse moi cediño y-atopouche unha faixa no camiño. É ben certo o que din, que a quén madruga sempre noso Señor lle deu axuda».

Y-él contestou: Póis iso dígoch'eu, qu'inda s'erguéu mais cedo o que a perdéu».

XAVIER PRADO (Lameiro).

## Peneirando...

**D**ESCONFIADÉ dos xogos froaes. Os xogos froaes sempre son cursis. Pro cando n'estes xogos hai coma un dos premios, unha pruma d'ouro donada por un cacique, ¡arrenégote demo! Nin a correia de *San Agustín* vos valerá.

\*\*\*

Outra Asambreia pra o ferrocarril da Costa s'anuncia.

N'esa Asambreia dáselles vela ós caciques e ós deputados cuneiros.

Como non logredes pôr en pe ó pobo, poden agardar sentados que se faga a liña de ferro as aldeias, vilas e cidades que a desexan.

Ai, home, si.

\*\*\*

¡Os Césares rexionalistas! ¡Pato rexionalista!

Betanceiros, ¡qué pita merecen certas xentes!

Permita Deus que n'uns xogos froaes faga dormire c'un discurso dos seus o marqués de Figueroa ós que se deixan conquistar parvamente.

\*\*\*

Os hoteleiros da Cruña, dan mostras de sere persoas que pensan, ante os abusos que os carniceros veñen facendo co'as carnes; tomaron o acordo de organizar dúas reguladoras.

Son merecentes do agradecemento de cantos andamos buscando homes que pensen, co'a linterna de Dióxenes.

\*\*\*

N'unha revista de Facenda de Madrid, dixo un Sr. Rivas Moreno, que se chama rexio-

(9 FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

## Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

sacando a ja citada escola primaria e as escolas normaes, nada fixo por ilo. O abandono de cultura da dona non é só unha falla senón tamén unha injusticia. Quixera que vos lembrádeses d'un proverbio inglés que dí: «A man que fía na roca e arrola o berce, goberna o mundo». N'il se exagera, mas tamén se expón unha gran verdade: *a importancia social da muller!* Na Galicia hay unha fonda tradición de respecto e de veneración pol-a tarefa social da muller. É de necesidade que dita calada tendencia dea un resultado positivo. Non poderá ser d'outro xeito na terra que atopou súa cantora na inmortal Rosalía de Castro a quen todos os galegos rendimos un verdadeiro culto. Aínda máis; quedaremos retardados na historia do mundo senón nos preocupamos da educación femenina.

Denantes de reventar a guerra europea o interese pol-a educación femenina aumen-

taba de maneira notabre n'os mais grandes países. A guerra trouxo unha modificación fonda na concepción da misión social da muller e agudizou aquel problema. Proba d'ilo é o ocorrido na Inglaterra onde desaparecendo unha vella e obstinada oposición, as Cámaras concederon o dereito ao voto ás donas. Poderán algúns doerse de tales feitos, poderán algúns sentir saudades pol-a época na que a muller influía n'os destinos do mundo cuase samente c'as verbes garimosas de nai e esposa ou con obras de bondade. C'a historia non valen saudades! Estemos na realidade presente e pensemos que o problema do feminismo, ja pranteado por Platón, e un problema do momento pra o que hay que prepararmos e que a función social da muller váise a ampliar enormemente.

¿Cómo satisfacer as necesidades da educación da muller? En Madrid (residencia pra señoritas da Junta pra ampliación d'estudios), e en Barcelona (Instituto pra a educación da muller da Mancomunidad), téñese atacado en parte o problema. Teremos nós que seguir un camiño análogo. Creemos, pois un, varios Institutos pra o insino feminino que corresponda a todas as exigencias

pedagógicas modernas. N'il ofreceráse ás mulleres a millor educación gèral posible e daráselle a preparación pra cantas profesíons poidan desempeñar. Non se trata d'unha Universidade femenina que non creio faga falla. Nen na Franza nen na Alemaña existen; alí estudan as mulleres n'as Universidades d'os homes si asín se pode falar. Trátase d'unha institución que veña a servir de base pra a educación gèral e en certo modo profesional da muller, algo certamente transitorio que nos deixe libres as máns pra posteriores e milloras reformas. Ja dixen que a posición social da muller está rápidamente cambiando na Europa pol-o que temos que conservar un xeito expectativo e fundar escolas superiores femeninas que poidan evolucionar n'os sentidos máis diversos. Porque ademais canto máis flexible e elástica é unha institución, máis útil resultará.

IX

Vimos no anteriormente exposto como é preciso un estudo da realidade, como si se ha de facer algo de proveito pol-a educación na Galicia ten que partir o impulso d'unha iniciativa que nasza aquí mesmo e non en remotas e alleas vilas. Todo isto

nalista—¡vállanos Deus!—que o galego como idioma xa non é mais que un recordo.

¡Vaites, vaites! Fálanno aínda, pesi-a cinco séculos de centralismo bárbaro, as cinco sestras partes da poboación da nosa Terra. Pro Rivas Moreno non se decatou d'elo, dando mostra con elo d'unha torpeza moi da terra en que nacéu.

Galicia, pra moitos, sigue tan iñorada como a Guinea.

¡E inda hai quen non sinte o galeguismo!



Hai eleución parcial en Ginzo de Limia. Loita un sobriño de Bugallal contra un fillo de Cobián.

Como nos tempos medioevales. Os distritos siguen sendo feudos herditarios.

¡Qué noxo!



• Que desgraciados somol-os galegos. ¡Sempre inventando ídolos pra ter o gusto de lamberlles os pes e recibire couces d'eles!

Non outra cousa sinifica loubar a un diputado cuneiro, como Soto Reguera, porque tomou unha iniciativa tardía e sin importancia na custión do Ferrocarril da Costa.

Logo de térenos amocado cand'o do voto particular. Logo que outros lle quitaron as castañas do lume.

Nin quen conquire catro reás pra un concurso, unha granxa, un camiño ou unha escola é merecente de gabanza. Esto é cumprir c'un deber.

Somentes son grandes os que conquiren valores ideales.

### Seición administrativa

Habendo suscriptores cós que non é posible entenderse administrativamente, por mais advertenza e pregos que se faigan, vai a sere perciso, unha vez agotada a pacenza e feita ista derradeira amonestazón, pubrical-os seus nomes, apellidos e señas domiciliarias pra que todo o mundo seipa e conoza ós que d'un xeito tan vergoñoso proceden.



Quen recibe un periódico e non-o devolve ten a obriga ineludible de pagalo xa que cò seu silencio amostra a súa conformidade cò recibo do mesmo, e, pol-o tanto, con todo aquilo qu'a acentazón d'un boletín leva consigo, isto é, o pago puntual i-esauto.

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA

### ¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabaños e ollos de galo cúranse co

### Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.

Repersentante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

### IGANAS A FORAI

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

### Aceite del Serrallo

-Y-

### La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos fabricantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Repersentante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

### GRAN FONDA

### Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

### Gran Café Méndez Núñez

REAL, 83

O máis perferido e de maor comodidade pr'ó púbrico. O máis confortabre da Cruña.

Servizo preferente. Artigos garantizados de toda-las marcas.

### GRANDES CONCERTOS DIARIOS

pol-as mellores agrupazóns musicas

:: :: españolas i-eistranxeiras :: ::

Gran salón de billares no local que ten ó carón na rúa da Marina

### IRMANOS:

Probade o rico VIÑO LÁGRIMA, que sòmente o vende

### A Tacita de Prata

Rúa Galera, esquina á Fonte San Andrés

A CRUÑA

### HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

- DE -

M. Losada e Fillo

A CRUÑA

### FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

- DE -

### ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotografado, así-coma sellos de caucho

### A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGRAFADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñas millores son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh máis selecto de mundial e de reconecida sona é o CINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUSIVO (matriculado) de todas istas marcas:

José C. Juncosa

Galera, 39 e 41 - 2.º piso.—A CRUÑA

**FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)****MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

**ANÍS DOUS MONOS****RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

**Automovilistas:**

As mais fortes, milliores e mais económicas cubertas, son as

**PALMER**

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL  
(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**Fábrica de Gorras****SOMBREIRERÍA**

DE

**Lois Fernández Vieites**

San Andrés, 69-71 — A CRUÑA

**OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS**

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas. — A. REY SOTO: *La Loba*, 2 id. — W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 id. — A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.ª edición), 4 id. — SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 id. — REY SOTO: *Cuentos del Lar*.

Véndense n'a librería de P. CUE & C.ª

Rúa Real, 49. — A CRUÑA

**H. LA PALOMA**

— DE —

**Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico dá poboación, axeitado á outura dos milliores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

**LEUTORES:**

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

**Xosé Varela**

CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

**Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral  
ESPECIALIDADES

*Pel, (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).—Peito, Estómago, Anemia Reumatismo, Artritis deformantes Neuralgias, Arterio-esclorosis Paralysis*

Electroterapia, Aeroterapia, Sueroterapia, Análisis  
RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos a prezos e horas convencionales  
Non se fai asistencia ós fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)  
A CRUÑA

**FARMACIA «A SILVA»**

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

**DEPÓSITO**

do Purgante ideal xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.

N'esta casa hachanse á venda os *Produtos químicamente puros* do acréitado Laboratorio de Gonzalo Formiguera.

GARÁNTANSE OS PREPARADOS

Silva d'Abaixo, 17 A CRUÑA

**Waldo Losada**


Rego d'Auga, 44

Anís INFERNAL.

Rhum TRINIDAD.

Xinebra Inglesa «Old Tom Gin» TIGRE.

Venta de viños ao por maior de todas as rexións de España.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

**LINEA DE HABANA E VERACRUS**

Prezo en terceira â Habana . . . . .	Ptas. 298'60
» » Veracrús. . . . .	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

**D. Nicandro Fariña**

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.